

## Festa do Corpus no Pino

# Arca celebra o Corpus entre polbo, música e peregrinos no corazón do Camiño Francés

O día grande será o domingo, con procesión e misa solemne a partir das 12.00 horas

Arca, capital municipal do Concello do Pino e punto de partida da última etapa do Camiño Francés, vive esta fin de semana as súas tradicionais festas do Corpus Christi. A celebración, que comeza hoxe venres e esténdese ata o domingo 7, combina actos relixiosos, música, gastronomía e actividades para todas as idades nun enclave que recibe cada ano milleiros de peregrinos de camiño a Compostela.

As celebracións comezan este venres coa tradicional Feira do Polbo, que arrancará ás 20.30 horas. A xornada rematará cunha verbena amenizada polas orquestras Finisterre e Miramar.

As celebracións de mañá sábado 6 empezarán n coa alborada e pasarrúas da Banda de Música de Arca ás 10.30 horas. Ás 13.30 horas celebrárase a misa solemne acompañada polo Coro de Arca e, a continuación, sesión vermú coa orquestra Salsarena.

Pola tarde, a partir das 17.00 horas, terá lugar a popular Festa do Neno, mentres que a verbena noc-

turna contará coa actuación de Salsarena e do grupo Aché.

O domingo 7, día grande da celebración, comezará cunha salva de bombas ás 9.00 horas e un novo pasarrúas da Banda de Música de Arca. Ás 12.00 horas sairá a procesión desde O Pedrouzo ata a igrexa parroquial e, acto seguido, celebrárase a misa solemne acompañada polo Coro de Arca. A sesión de baile correrá a cargo do dúo Óbice e, xa pola tarde, a Banda de Música de Arca ofrecerá un concerto a partir das 19.30 horas.

As festas do Corpus constitúen unha das citas máis destacadas do calendario local e representan tamén unha oportunidade para mostrar aos milleiros de visitantes que atravesan a

**A programación inclúe un ano máis dúas das citas máis agardadas: a Feira do Polbo e a Festa do Neno**



A Banda de Música de Arca ofrecerá o tradicional pasarrúas de mañá sábado e pechará a celebración o domingo.

localidade cada ano a riqueza cultural e festiva dunha parroquia intimamente ligada ao fenómeno da peregrinación a Compostela.

A pegada xacobeá está, en efecto, moi presente nesta parroquia, situada a pouco máis de vinte quilómetros de Santiago. Segundo os últimos datos da Oficina do Peregrino, máis de 70.000 camiñantes xa pasaron por Arca no que vai de 2026 seguindo o Camiño Francés, a ruta xacobeá máis concorrida. O pasado ano foron máis de 242.000 os peregrinos que atravesaron este núcleo antes de completar a súa viaxe na Praza do Obradoiro. ■



A orquestra Salsarena actuará mañá na sesión vermú e na verbena nocturna.

MENÚ · CARTA · BANQUETES

**O Acivro**  
RESTAURANTE

A Rúa 28 · Arca · Tlf: 646 413 898

PINTURAS Y BARNIZADOS

**M. CAMINO**  
S.L.

- TÉCNICO APLICADOR EN: MICROCEMENTOS Y PAVIMENTOS
- PINTURAS INTERIOR, EXTERIOR...
- ALTA DECORACIÓN
- PINTURA INDUSTRIAL (EPOXIS, POLIURETANOS...)
- ACUCHILLADOS, BARNIZADOS, LACADOS, IMPERMEABILIZACIONES
- COLOCACIÓN DE: TARIMAS FLOTANTES, LIMNOLIO, SUELOS EN PVC, PAPEL, CORCHO, MOQUETA...
- MANTENIMIENTOS

Ferreiros - O Pino (A Coruña)  
T. 679 440 804 · m.camino1@yahoo.es

**PRIMEIRAS FESTAS DO VERÁN**

**O Pino**  
Concello

➤ **Festa do Corpus**  
ARCA · 5-6-7 de xuño

<b>Venres 5</b> Feira do polbo Finisterre Project Miramar	<b>Sábado 6</b> Festa do neno Salsarena Aché	<b>Domingo 7</b> Dúo Óbice Banda de Música de Arca
--	---	--

➤ **Festa de San Pedro**  
SANTA IRENE · 29 de xuño

➤ **Festa da Madalena**  
CASTROFEITO · 22 de xullo